



## **Concello de FRADES**

*Cimadevila, 10  
15686 - FRADES (A Condea)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.dicoruna.es*

### **SESION PLENARIA ORDINARIA**

#### **DIA 17 DE XUÑO DE 2016**

No Salón de Plenos da Casa do Concello, cando son as 14.10 horas do día 17 de xuño de 2016; a fin de celebrar Sesión ordinaria convocada previamente para este día, reúnen os seguintes concelleiros:

D<sup>a</sup>. María Ángeles Álvarez Carro, D. Jesús Miguel Prado Cea, D. Jesús Francos Sánchez, D. Ramón Garabato Boga, D. Óscar Botana Rúa, D. Manuel Ferreiro Marzoa, D. Juan Carlos Portos Bra, D. José María Pérez Lagos, D<sup>a</sup>. Nelly Iglesias Rey, D<sup>a</sup> Lorena Suárez Pardo; baixo a Presidencia de D. Roberto Rey Martínez como Alcalde-Presidente, e coa asistencia da Secretaria Acctal. do Concello Nieves Mandayo Vázquez.

#### **ORDE DO DÍA.**

**1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-** Os señores concelleiros declaran coñecer e aprobar o contido da acta da sesión extraordinaria anterior, de data 30.05.2016.

**2.- PROPOSTA DA ALCALDÍA PRESIDENCIA SOBRE A APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO CONCELLO DE FRADES DO PLAN DE EMERXENCIAS 2016**

O Sr. Alcalde- Presidente explica que o Convenio consiste na solicitude para que se incluan dentro do plan de emerxencias 2016 as seguintes actuacións:

- Ponte en Xeza (Mesos) e outros. Orzamento máximo de 59.940,38 €
- Reposición de ponte Raselo. Orzamento máximo de 59.754,52 €

Tralas consideracións oportunas, o Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

- Aprobar a participación no Convenio de colaboración.
- Comprometerse as condicións establecidas en dito convenio:
  - o Poñer a disposición, libres de cargas e gravames, todos os terreos necesarios para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións legalmente esixidos para levalas a cabo.
  - o Renunciar expresamente a reter da achega desta Corporación calquera tipo de tributo con motivo das obras de referencia.



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686 - FRADES (A Coaña)  
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

- Asumir, unha vez recepcionadas as obras e previa comunicación da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, a súa explotación, mantemento e conservación.
- Acreditar que a persoa designada para a sinatura do Convenio de Colaboración está debidamente facultada para este acto.
- Manifestar expresamente o compromiso de que a obra non se someterá a ningunha modificación importante desde a súa entrega ata que se cumpra o prazo establecido no proxecto, que impide modificacións importantes nos cinco anos seguintes.
- Asumir todas e cantas responsabilidades dimanen das posibles irregularidades ou ilegalidades que se produzan no cumprimento do compromiso adquirido por dito concello.
- Antes da adxudicación definitiva da obra e sen prexuízo dos demais requisitos esixidos pola normativa que regula a contratación administrativa, deberá acreditarse a efectiva dispoñibilidade dos terreos.

### 3.- APROBACIÓN PADRÓN DE LIXO 2016

O Sr. Alcalde presenta o Padrón de Residuos Sólidos Urbanos para o presente ano 2016, no que que contén a relación de contribuíntes beneficiarios deste servizo que por conseguinte estas suxeitos ás taxas aprobadas na correspondente ordenanza.

Tralas consideracións oportunas, o Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

- 1.- Aprobar o Padrón de Lixo 2016.
- 2.- A remisión ó Boletín Oficial da Provincia para a súa exposición pública polo prazo de quince días a contar dende a publicación do anuncio.

### 4.- MOCIÓNS.- Non se presentan.

**5.- INFORMES DA ALCALDÍA.-** A continuación o Sr. Alcalde informa dos seguintes asuntos:

- 1.- Xa están as actividades de Verán programadas para nenos e adultos.
  - 2.- Recibimos a Resolución de concesión de subvención da Dirección Xeral de Administración Local, con respecto a subvención solicitada para creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais.
- O proxecto solicitado denominado “*Piscina infantil en Frades*”, será subvencionado con 26.446,28 €, o que representa o 80% do orzamento elixible do proxecto.



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686 - FRADES (A Coruña)  
Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@frades.diarana.es

2.- Informase das obras que acometerá a Consellería de Educación no CPI de Ponte Carreira, por un total de 53.452,47 €

Reforma de instalación eléctrica (OCA)	25.000,00 €
Reforma de instalación de fontanería	25,120,13 €
Reparación de alarmas por sinistro de tormenta	3.332,34 €

3.- Acordo favorable da Consellería de Economía, Emprego e Industria con respecto ás modificacións solicitadas no OBRADOIRO DE EMPREGO ORDES-FRADES, que quedará como sigue:

- 2 especialidades: Xardinería e albañilería.
- Nº de alumnos/traballadores: 20
- Duración: 6 meses.
- Importe: 179.1234,20 €.

4.- Temas tratados na entrevista mantida co Presidente da Deputación:

- Obras de drenaxe danadas polo temporal
- Adaptación do edificio multiusos para aula de informática e biblioteca
- Conservación e mellora das beirarrúas da estrada DP-3802 en Ponte Carreira.
- Senda peonil entre a Capela de San Roque e o núcleo de Cimadevila na Parroquia de Moar.
- Senda peonil entre a Igrexa de Moar e o cruce co núcleo de Cornes na Parroquia de Moar.

5. Senda peonil entre Mangoeiro e Arriba da Pedreira na Parroquia de Aiazo.

5.- Solicitude á Deputación da Coruña de participación no Programa Integral Laboral para execución de obras e servizos mínimos municipais. Solicítanse 25.000 € para contratación de desempregados que farán tarefas de mantemento de pistas municipais e áreas verdes do Concello.

6.- Desestimación do recurso contencioso administrativo interposto polo representante procesal da UTE formada por Construcciones Tarrío SL e AEDES, Obras y Contratas SL, contra resolución do Concello de Frades referido á obra de agua de Abellá.

7.- Informe traballos de desbroce: O 27 de abril comezaronse os traballos de desbroce na parroquia de Papucín. A continuación fixéronse as estradas xerais e empezáronse a traballar parroquia a parroquia, quedando pendentes a día de hoxe Gafoi, Frades, Galegos e Mesos. Esperase ter rematado a mediados de xullo.



## Concello de FRADES

Cimadevila, 10  
15686 - FRADES (A Coruña)  
Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79  
E-Mail: correo@fraades.dicoruna.es

### 5.- ROGOS E PREGUNTAS.-

O Sr. Alcalde- Presidente concédelle a palabra ao concelleiro do grupo municipal do BNG, Don Jose María Pérez Lagos pregunta con respecto aos traballos de desbroce sobre a posibilidade de facer dous turnos de traballo.

O Sr. Alcalde- Presidente concédelle a palabra á concelleira do grupo municipal BNG, Dona Nelly Iglesias Rey que manifesta a necesidade de realizar máis limpeza de pistas en Gafoi para mellorar a visibilidade.

O Sr. Alcalde- Presidente responde "*Xa está previsto*".

O Sr. Alcalde- Presidente concédelle a palabra de novo ao concelleiro do grupo municipal do BNG, Don Jose María Pérez Lagos que pregunta polas polas das árbores encima das pistas.

O Sr. Alcalde- Presidente responde "*Tamén está previsto*".

A continuación, o Sr. Alcalde concédelle a palabra ao concelleiro do grupo municipal do PP, e Tenente de Alcalde, Don Manuel Ferreiro Marzoa que sinala que "*Os avisos máis urxentes feitos pola empresa de autobuses e a de limpeza xa están feitos*"

O Sr. Alcalde- Presidente concédelle a palabra de novo ao concelleiro do grupo municipal do BNG, Don Jose María Pérez Lagos que manifesta a súa queixa "*O alumado en postes con dúas lámpadas, unha alumea para a vía pública e outra para a privada*"  
Manifesta tamén a súa queixa "*Sobre a colocación dos espellos que non se adaptan realmente ós sitios necesarios*"

Dado que non hai máis asuntos de que tratar na Sesión de hoxe, o Sr. Alcalde- Presidente levanta a sesión cando son as 15:00 horas, no lugar e data indicados, coa sinatura do Alcalde-Presidente e da Secretaria- Interventora que dá fe.

Vº. e Pr  
O ALCALDE



Asdo.: Roberto Rey Martínez

A SECRETARIA ACCTAL



Asdo.: Nieves Mandayo Vázquez